



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA

Anuncio

ANUNCIO do 2 de xuño de 2021 da dirección de Augas de Galicia, de apertura do trámite de competencia de proxectos do expediente de solicitude dunha concesión de augas superficiais para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no río Ouro, concello do Valadouro, Lugo

Clave: LU/17/175

O ente público empresarial Augas de Galicia procede, mediante o presente anuncio, a someter a competencia de proxectos a instancia presentada relativa á solicitude dunha concesión de augas superficiais para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no río Ouro conforme preceptúan os artigos 104 e seguintes do Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico (en diante RDPH), que establece un procedemento de tramitación de concesións e autorizacións administrativas para a instalación, ampliación ou adaptación de aproveitamentos hidroeléctricos.

- Nome e enderezo do peticionario:

Desarrollos del Malache, SLU

Calle Argualas, 40, 1ª derecha

50012 Zaragoza

- Destino do aproveitamento: **Aproveitamento hidroeléctrico.**
- Caudal de auga solicitado: **450 l/s.**
- Corrente de onde se derivarán as augas: **Río Ouro.**
- Termo municipal onde radican as obras: **O Valadouro (Lugo).**

A antedita petición tramitarase de conformidade co disposto no artigo 105 do RDPH, abríndose deste modo o trámite de competencia de proxectos para que no prazo dun (1) mes, a contar desde a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo, o peticionario presente instancia concretando a correspondente petición e demais aspectos previstos no antedito artigo 105 e achegue á mesma o proxecto e demais documentación prescrita no artigo 106 do Regulamento, admitíndose tamén, durante este prazo, outras peticións que teñan o mesmo obxecto que aquela ou sexan incompatibles coa mesma, podéndose presentar, xunto con estas, proxectos en competencia. Asemade, deberase achegar, de acordo co establecido no apartado 3 do artigo 106, o estudo ambiental que recolla e avalíe todas as afeccións ambientais do proxecto conforme á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Denegarase a tramitación posterior de toda petición que supoña unha utilización de caudal superior ao dobre do que figura máis enriba como petición base do concurso, de acordo co artigo 105 do RDPH, sen prexuízo de que, o peticionario que o pretenda poida, dentro do prazo fixado neste anuncio para a admisión de peticións, acollerse á tramitación indicada no parágrafo 3 do antedito artigo 105 do RDPH, remitindo a súa petición na forma prevista no artigo 104 do mesmo, e solicitando a paralización do trámite da solicitude publicada inicialmente. Neste caso, á petición achegará resguardo acreditativo do ingreso na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda e Administración Pública dunha fianza pola cantidade de sesenta mil (60.000) euros por cada m³/s de caudal solicitado, para responder da presentación do documento técnico correspondente á súa petición.

O desprecintado dos documentos técnicos realizarase na forma sinalada no artigo 107 do RDPH e terá lugar transcorridos quince días dende a conclusión do prazo de presentación de peticións nas dependencias do edificio administrativo de Augas de Galicia, sitas na rúa Tomiño, 16 Baixo, 15781, Santiago de Compostela.

As peticións xunto cos documentos técnicos e ambientais deberán presentarse na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, (<https://sede.xunta.gal>) indicando no destino a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Augas de

Galicia. En toda a documentación achegada deberá referenciarse a clave do expediente que figura no encabezamento deste anuncio.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2021.- A directora de Augas de Galicia, Teresa María Gutiérrez López.

R. 1911

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE 18 DE XUÑO DE 2021 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA AMPLIAR A LISTAXE DE EMPREGO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de xuño de 2021 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019);

Visto que está vixente unha listaxe de emprego temporal de Auxiliar Administrativo/a, na que neste momento non existen efectivos que podan incorporarse a prestar servizos, constatándose a necesidade de que a Entidade amplíe a citada listaxe para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 19.4 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal vixente de Auxiliar Administrativo/a, grupo C - subgrupo C2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), aprobadas na Xunta de Goberno de 13.03. 2020 (BOP núm. 079, de 6.04.2020), corrección de erros aprobados na Xunta de Goberno de 10.07.2020 (BOP núm. 161 de 15.07. 2020).

3º.- Aprobar as bases específicas de Auxiliar administrativo/a que complementan as bases xerais, que rexen a elaboración de listaxes para prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo que se sinalan no parágrafo anterior.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados na base xeral 4 e na base específica 4, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas base xeral 3.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita."

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso -administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación ,sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA A AMPLIACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.

1) OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS.

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as Bases Xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados) aprobadas na Xunta de Goberno de 13.03.2020 (BOP núm. 079, do 6.04.2020), corrección de erros aprobados na Xunta de Goberno de 10.07.2020 (BOP núm. 161, do 15.07.2020).

2) CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA.

DENOMINACIÓN	GRUPO	SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓN
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	C	C2	Ás distintas unidades administrativas que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3) COMETIDO FUNCIONAL.

En canto ao contido funcional da praza/posto/emprego que se convoca será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, se é o caso, disposición que a substitúa.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou por postos que teñan atribuída a superioridade xerárquica.

4) REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO.

Ademais do sinalado na base xeral 4, de acordo co apartado c) do artigo 135 do RD Lexislativo 781/86, de 18 de abril; e co apartado e) do artigo 56 e o artigo 76 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), as persoas aspirantes deberán estar en posesión, da seguinte titulación académica: **Graduado/a en educación secundaria obrigatoria ou equivalente.**

5) NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4.

6) PROGRAMA:

A) MATERIAS COMÚNS:

1.- A Constitución Española de 1978: principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns. A Xefatura do Estado. As Cámaras Lexislativas: Congreso e Senado. O Goberno e a Administración Pública. O poder xudicial. O Tribunal Constitucional.

2.- A organización Territorial do Estado na Constitución Española de 1978. Os Estatutos de Autonomía con especial referencia ao Estatuto de Galicia.

3.- As fontes do Dereito Público. Principios de actuación das Administracións Públicas. O Réxime Local Español. Principios constitucionais. A Facenda Local na Constitución.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS:

1.- A provincia como entidade local. A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202 do 3.09.2021): Órganos de decisión colexiados e unipersoais e organización complementaria.

2.- Os actos administrativos: concepto, elementos e clases. Requisitos. Motivación. A eficacia dos actos administrativos. Notificación e publicación. Validez. A nulidade de pleno dereito e anulabilidade. Irregularidades non invalidantes. Conversión, conservación e convalidación.

3.- O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común. Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución.

4.- Acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Sede electrónica. Identificación e autenticación. Rexistros, comunicacións e notificacións electrónicas. A xestión electrónica dos procedementos.

5.- Os contratos administrativos. Concepto. Clases. A actividade subvencional das Administracións Públicas.

6.- Os bens das Entidades Locais. As Facendas Locais. Ordenanzas fiscais. Os impostos locais. Clases.

7.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos e deberes dos empregados públicos. As situacións administrativas. Incompatibilidades. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. Réxime disciplinario.

Lugo, 22 de xuño de 2021.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 1894

CONCELLOS

LUGO

Anuncio

De conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local número 14/384 do 16/06/2021 do teor literal que de seguido se transcribe, apróbanse as bases xerais reguladoras para a concesión de subvencións ás asociacións culturais e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido da cultura (Área de Cultura, Turismo e Promoción da lingua) e para o mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas, nas que se levan a cabo estes programas e actividades; no exercicio 2021, incluídas no Plan estratéxico de subvencións para o período 2021-2022, actualizado á anualidade 2021, mediante acordo da Xunta de Goberno Local 10/238, de data 28/04/2021.

<< Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Cultura, do 3 de xuño de 2021, na parte expositiva do cal se fai constar:

"De conformidade co establecido no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local en consonancia co disposto no artigo 232 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os concellos deben favorecer o desenvolvemento das asociacións (e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro) para a defensa dos intereses da veciñanza, así como o acceso ás axudas económicas tanto para sufragar os gastos xerais delas como as actividades que realicen.

O outorgamento de subvencións é unha técnica de fomento de determinadas actuacións e actividades que se consideran de utilidade pública ou de interese social que, mediante un procedemento de concorrência competitiva axustada aos principios de obxectividade, transparencia e publicidade, permite desenvolver, a través de entidades privadas, actividades que complementan as competencias propias que lle corresponderían ao Concello, como é neste caso a prestación de servizos culturais, etc.

Visto o artigo 25 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo, no que se establece para os procedementos de concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva que, con carácter previo ao outorgamento de subvencións, se aprobarán as correspondentes bases reguladoras de subvencións.

O Concello de Lugo aprobou o Plan estratéxico de subvencións para o período 2021-2022, así como a actualización do devandito Plan Estratéxico á anualidade 2021, mediante acordo da Xunta de Goberno Local 10/238, de data 28/04/2021.

Vista así mesmo a certificación de existencia de crédito da Tesourería Municipal de data 07/05/2021, de consignación orzamentaria na aplicación 33000.48900, RC nº 202100009235 por importe de 14.900 euros.

Visto informe emitido pola Xefa de Sección do Servizo de Fomento, de data 11/05/2021, no que se manifesta: *"...Vistas as bases reguladoras remitidas dende o Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, informar que a proposta de bases é axustada á regulamentación específica que se contempla no artigo referido, se ben cabe realizar as seguintes consideracións:*

Primeira.- Vista a natureza das entidades beneficiarias, no referente á forma de presentación das solicitudes e demais documentación deberá facerse constar a obriga de relacionarse a través de medios electrónicos, e a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica do Concello de Lugo, conforme ao establecido nos artigos 14 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segunda.- No referente ao órgano competente para resolver o procedemento corresponde á Xunta de Goberno Local do Concello, competencia delegada nas/os Tenentas/es de Alcaldesa delegadas/os de Área e nas/os Concelleiras/ros delegadas/os conforme acordo da Xunta de Goberno Local 28/452, de data 17/06/2019, tal e como se recolle nas bases remitidas, páxina 6, se ben, por erro, na páxina 7 recóllese que a proposta de resolución será aprobada pola Xunta de Goberno Local debendo modificarse dito extremo, visto acordo de delegación."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade

Urbana GMPSdeGPSOE); Ilma. Sra. D^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que á vista da aprobación do Plan estratéxico de subvencións para o período 2021-2022, así como a actualización do mesmo para á anualidade 2021, mediante acordo da Xunta de Goberno Local 10/238, de data 28/04/2021, se proceda á convocatoria para o exercicio 2021 de subvencións ás asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade no eido dos servizos culturais (Área de Cultura, Turismo e promoción da Lingua) e para o desenvolvemento de programas e actividades culturais de interese xeral e sectorial e para o mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas nas que se levan a cabo estes programas e actividades de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrência competitiva.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 14.900 euros a que ascende o importe total das subvencións que se outorgarán por parte do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua con cargo á aplicación orzamentaria 33000.48900.

TERCEIRO.- Esta convocatoria rexeráse polo establecido nas seguintes **BASES XERAIS REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS CULTURAIS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA CULTURA (ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA) E PARA O MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓNS DAS INFRAESTRUTURAS, NAS QUE SE LEVAN A CABO ESTES PROGRAMAS E ACTIVIDADES. EXERCICIO ECONÓMICO 2021.**

Artigo 1. Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións por parte do Concello de Lugo, Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua ás asociacións e a entidades xurídico-privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento, durante o exercicio económico de 2021, de programas e actividades culturais que beneficien a colectivos no eido da cultura nas que se levan a cabo os ditos programas e actividades.

Serán subvencionables as actuacións establecidas no artigo 9 baixo a epígrafe “gastos subvencionables”.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do orzamento, Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación.

Artigo 2. Entidades beneficiarias. Requisitos.

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no concello de Lugo.
- b) As entidades beneficiarias segundo se trate de asociacións, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, Rexistro público de fundación ou calquera outro rexistro público.
- c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social
- d) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Ter xustificadas debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.
- f) Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido da cultura.
- g) Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación cultural realizada pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- h) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2021.
- i) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva.

j) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

Artigo 3. *Créditos orzamentarios e contía das subvencións*

No orzamento municipal para o exercicio de 2021 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo a continuación se indica:

Servizo	Aplicación orzamentaria	Importe
Cultura	33000.48900	14.900,00 €

Artigo 4. *Forma e prazo de presentación de solicitudes*

- As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A convocatoria para a concesións das subvencións previstas nas presentes bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

- O prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE DÍAS HÁBILES**, *contado dende o seguinte ao da publicación oficial da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo publicaranse na páxina web do Concello de Lugo e no Taloleiro de Anuncios (www.lugo.gal), debendo inserirse no "Portal de Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Lugo*.

Artigo 5. *Documentación para achegar coas solicitudes de subvención*

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Asociacións inscritas no Rexistro municipal de asociacións

- Solicitud, segundo o modelo do ANEXO I, no que se inclúa o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou actividade solicitada, e a autorización ao Concello para comprobar as diferentes administracións datos tributarios e outras informacións declaradas.

- Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante, así como documento acreditativo desta representación.

- Declaración responsable, segundo modelo que figura no ANEXO IV destas bases, acreditativa:

1. Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención

2. De que a actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3. De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente, ou no seu caso (aquelas nas que a contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros) incorporar ao expediente declaración xurada por parte da entidade beneficiaria, de atoparse ao corrente das súas obrigas de carácter tributario e de Seguridade Social, conforme o artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

4. De que a entidade non se encontra inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5. De que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6. De que a entidade lle ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2021.

- No caso de subvencións solicitadas para o desenvolvemento de proxecto, actividade ou programa, deberán presentar unha memoria explicativa, cunha relación de gastos e ingresos, obxectivos, interese xeral, etc. segundo o ANEXO II, que poderá vir acompañado do proxecto que se estime máis conveniente co fin de acadar unha mellor avaliación.

- No caso de subvencións solicitadas para financiar gastos de mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestruturas da asociación ou entidade, deberase xuntar unha memoria, segundo o ANEXO III, no que se indicará o equipamento do local, réxime de posesión ou uso, descrición do gasto e xustificación da súa necesidade.

- Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante.
- Certificación da secretaría da entidade, na que conste a existencia ou departamento de muller e igualdade, se fose o caso.
- Acordos ou actas da entidade acreditativas do funcionamento das vogalías ou departamentos específicos de muller.
- Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.
- Calquera outro documento que se considere de interese para a mellora da avaliación da subvención.

Así mesmo, vista a natureza das entidades beneficiarias, no referente á forma de presentación das solicitudes e demais documentación, lémbrese a obriga de relacionarse a través de medios electrónicos, e a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica do Concello de Lugo, conforme ao establecido nos artigos 14 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 6. *Procedemento de tramitación e resolución das subvencións*

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

As solicitudes de subvencións que se formulen de acordo con estas bases, unha vez anotadas no Rexistro xeral de entrada, seranlles remitidas ao Departamento de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

- O procedemento instruírse no Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, polo técnico ou técnica competente de dito servizo, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.
- O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, competencia delegada nas/os Tenentas/es de Alcaldesa delegadas/os de Área e nas/os Concelleiras/ros delegadas/os conforme acordo da Xunta de Goberno Local 28/452, de data 17/06/2019.

- Comisión avaliadora:

Composición:

- Presidenta/e: Xefa/e do Servizo/Sección de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- Vogal: Un traballador/a adscrito ao Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- Secretaria: Un Funcionario/a do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- Excepcionalmente, o posto de secretaria/o e vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

Funcións: Emitir o ditame no que concrete o resultado da avaliación efectuada; á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instructor do procedemento.

- Órgano instructor: funcións:

- Requirirlle á entidade solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.
- Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.
- Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de valoración de cada un dos expedientes.
- O órgano instructor, en función da puntuación obtida por cada expediente, formulará a proposta de resolución que será aprobada pola Xunta de Goberno Local, competencia delegada nas/os Tenentas/es de Alcaldesa delegadas/os de Área e nas/os Concelleiras/ros delegadas/os conforme acordo da Xunta de Goberno Local 28/452, de data 17/06/2019.
- Prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento. Este será de SEIS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

- Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

- A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

- As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo total da actividade. O 10 % do gasto proposto e orzamentado no proxecto presentado deberá ser financiado exclusivamente pola asociación ou entidade. No caso de que exista sobrefinanciamento, a/o beneficiaria/o deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

Artigo 7. Publicidade das subvencións concedidas

Procederase á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no artigo 8 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e o contemplado no Título II da lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 8. Criterios de valoración e contía da subvención

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

Criterio de valoración	Puntuación
Interese xeral da actividade ou programa. Valorarase especialmente a súa incidencia real na colectividade.	Ata 3
Especialización na atención a colectivos aos que vai dirixida a actividade.	Ata 2
Carácter permanente e continuo da actividade ou programa.	Ata 3
Que se trate de entidades ou asociacións que presenten, a xuízo da comisión de avaliación unha traxectoria de coordinación e colaboración de carácter gratuito nas súas actuacións co Concello.	Ata 1
Orixinalidade e carácter innovador da actividade.	Ata 0,5
Que na composición da directiva da asociación exista como mínimo unha porcentaxe do 50% de mulleres.	0,5
Uso e difusión do galego (oral e escrito) na programación da actividade.	Ata 1
Difusión dos valores culturais lucenses e galegos.	Ata 0,5
Que a entidade conte cunha vogalía ou departamento de muller ou igualdade (debidamente acreditado con certificación e acordos ou actas).	0,5
Puntuación máxima	12 puntos

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario achar o valor punto. Para elo, excepcionalmente, de acordo co artigo 22.1 da LXS, prorratearase o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas.

Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 90% do custo total da acción para a que se solicita subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 10% restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas nacionais ou estranxeiras.

Artigo 9. Gastos subvencionables

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación, e en todo caso dentro do ano 2021.
2. Serán subvencionables os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade, tales como: Alugamentos, gastos de transporte, gastos de pequena reparación, mantemento e conservación de bens propios ou alugados, adquisición de material non inventariable, subministracións (gas, electricidade, teléfono, combustible...) vestuario, prestación de servizos culturais e outros gastos diversos como

publicidade, imprenta, etc. (no caso de que se aporten facturas relativas a combustible ou teléfono deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención, ademais no caso de combustible deberá presentarse documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola Asociación ou entidade beneficiaria e a aplicación íntegra ou parcial do gasto á actividade ou programa concreto subvencionado, entendendo como tal aquel que en ningún caso supere o importe de 300,00 €.

3. Tamén serán subvencionables os gastos de persoal necesario para o desenvolvemento dos programas e actividades subvencionadas, ata un máximo do 40% do importe da subvención concedida.
4. Non serán subvencionables:
 - Os gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.
 - Os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
 - Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.
 - Os gastos de degustación gastronómica de calquera tipo. En todo caso terá esta consideración a organización de comidas, *catering* ou ceas.

Artigo 10. Xustificación do gasto e pagamento da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades beneficiarias deberán presentar en **REXISTRO** a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento:

a) **Memoria explicativa o máis detallada posible da realización da totalidade da acción subvencionada (imprescindible relación de gastos e ingresos)**, segundo os modelos que figuran nestas bases como o ANEXO V para actividades e o ANEXO VI para mantemento. Nesta farase unha expresa mención dos resultados obtidos, e conterá unha relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento.

Deberase acompañar, se é o caso, de exemplar de cada un dos **folletos, carteis, libros, notas de prensa, vídeos, CD-ROM, etc., que se editasen ou publicasen en relación coa dita actividade.**

O Concello de Lugo poderá requirir da/o beneficiaria/o a remisión dos xustificantes de gasto que se indiquen na dita relación.

No caso de que se xustifique a través de gastos de **desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficiario da subvención.** Ademais no caso de combustible deberá presentarse documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola Asociación ou entidade beneficiaria e a aplicación íntegra ou parcial do gasto á actividade ou programa concreto subvencionado, entendendo como tal aquel que en ningún caso supere o importe de 300,00 €.

b) No caso de que entre o orzamento presentado no seu día e que foi obxecto de avaliación para a concesión da subvención e o realmente executado existan diferencias, deberase achegar **un informe explicativo destas**, segundo os modelos que figuran nestas bases como ANEXO V para actividades e ANEXO VI para mantemento.

c) **Facturas** e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.d 1619/212, do 30 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda, coa acreditación **do pago mediante transferencia con xustificación da entidade bancaria cando se trate de gastos iguais o superiores a 2.500,00 €.**

As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores das mesmas. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

d) **Declaración responsable**; segundo o modelo que figura no ANEXO VII destas bases, acreditativa de:

- **Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto** desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- **Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento** para a que se concede a subvención se **efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.**

- **Que esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias** fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

. Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

. Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

. Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

- Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondentes ao pasado exercicio económico, así como todas as variacións que se produciron na súa xunta directiva (este suposto só para as asociacións).

e) Certificación acreditativa de atoparse ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Admón. Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente (En canto ás obrigas tributarias fronte ao Concello de Lugo, realizaranse de oficio trala autorización segundo o Anexo I

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no caso de que non cumpra o dito requirimento, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso de aprobación da autorización e disposición de gasto e a esixencia de reintegro, de ser o caso.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir na contía necesaria se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada e xa que logo a perda do derito ao cobramento da subvención cando o importe justificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, dacordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

Artigo 11. Contía para xustificar

A entidade beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida máis o 10 % do custo total do proxecto presentado e orzamentado no seu día, enténdese que a esixencia de xustificación de gastos relativo ó 10%, refírese ó 10% do orzamento da actividade presentadas con independencia do gasto efectivo total deivindicado, por canto ten incidencia na valoración da actividade. As entidades beneficiarias deben presentar no momento da xustificación unha relación totalizada de gastos e ingresos da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanciamento da mesma.

Artigo 12. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias

Serán obrigas das asociacións ou entidades beneficiarias das axudas as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións e ademais:

- A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc., deberán figurar en idioma galego.

- Non modificar a programación das actividades que se subvencionen sen coñecemento e autorización expresa e previa do Concello.

- Facer constar na publicidade, difusión, publicacións, etc., que se xeren que as actividades están subvencionadas polo Concello de Lugo. Para estes efectos engadirase o logotipo do Concello de Lugo en carteis, dípticos, folletos...

- Comunicarlle ao Concello a realización da actividade para o coñecemento e, se é o caso, participación de responsables municipais.

- Comunicarlle ao Concello de Lugo o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondente ao ano 2021.

Artigo 13. Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do 30 de novembro de 2021. Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación; pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicáraselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

5. A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e bo goberno.
6. A Lei de protección de datos de carácter persoal: principios de protección de datos e dereitos das persoas.
7. O desenvolvemento local: orixe e causas. Obxectivos. Concepto e características significativas do modelo de desenvolvemento local. Recursos.
8. O axente de desenvolvemento local: tipoloxía e formas de intervención. Programas básicos dunha estratexia de desenvolvemento local.
9. Políticas de estabilización e de crecemento económico e a súa relación co desenvolvemento local. Razóns do crecemento económico. Relación entre crecemento da poboación e crecemento económico.
10. Concepto de desenvolvemento endógeno. Organización e sistemas de produción local. O desenvolvemento asociado ós conceptos de cultura e sociedade. A dimensión territorial e urbana do desenvolvemento.
11. Normativa comunitaria en materia de libre circulación de traballadores, liberdade de establecemento e libre prestación de servizos. Dereitos e deberes dos estranxeiros residentes en España. O acceso ao traballo en España: permisos de traballo e excepcións. Autorizacións para traballar para colectivos determinados.
12. Dereitos e deberes do empresario e traballadores no ordenamento xurídico español. O salario mínimo interprofesional (SMI).
13. O indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).
14. As empresas de traballo temporal: regulación actual. Axencias de colocación: réxime xurídico.
15. As políticas activas de emprego na empresa. Fomento da contratación estable. Modalidades, requisitos e contía das axudas. Beneficiarios. Colectivos cuxa contratación xera dereito a axuda.
16. Programas de cooperación da Xunta de Galicia coas entidades locais.
17. O emprendedor, tipos de emprendedores. Características. A transición de emprendedor a empresario.
18. O perfil de emprendedor e a maduración de ideas.

19. O Plan de negocio. Definición e estrutura. Viabilidade económica e financeira dun proxecto.
20. Diferentes tipos de empresas segundo a súa forma xurídica.
21. A franquía. A empresa familiar.
22. As incubadoras ou aceleradoras de empresas
23. Axudas para a promoción de emprego autónomo.
24. Empresas de economía social. Conceptos e incentivos.
25. Iniciativas locais de emprego e axentes de emprego e iniciativas de base tecnolóxicas.
26. Emprego e inclusión social: programas de integración social do discapacitado a través do traballo autónomo
27. A formación profesional para o emprego. A formación profesional regrada. A formación ocupacional.
28. Os certificados de profesionalidade. Carnes profesionais.
29. Programas de emprego-formación. Bases de formación profesional dual. Obradoiros de emprego e programas de garantía xuvenil garantía xuvenil
30. Axudas a Pemes. Solicitude de axudas. Medidas de apoio económico: préstamos, subvencións e capital de risco. Organizacións de apoio ao emprendedor.
31. Seguridade e hixiene no traballo. A lei de prevención de riscos laborais. Actuacións das administracións públicas: competencias. Dereitos e obrigacións dos traballadores e empresarios en materia de prevención. Os servizos de prevención de riscos. Participación dos traballadores.
32. A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. O Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
33. Orixe dos organismos internacionais encargados do desenvolvemento. Pilares básicos da Política Estrutural Europea. Tipoloxía das intervencións financiadas polos Fondos Europeos.
34. Fondos estruturais da Unión Europea para o período 2007-2013: obxectivos e instrumentos. Criterios de subvencionalidade. Principios aplicables ás axudas.
35. Directrices Estratéxicas Comunitarias en materia de cohesión económica, social e territorial para o período 2007-2013.

ANEXO : Modelo de declaración xurada.

D./Dona
con DNI, e enderezo en r/
....., Municipio Código postal

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro: que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

Segundo: que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

En Muras, a de de 2021.

(Asinado polo/a interesado/a)

D./Dona
con DNI, con domicilio a efectos de notificación en
..... e teléfono nº,

EXPÓN:

1. Que tendo coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Muras para a contratación laboral temporal do posto de traballo de, acepta as bases da convocatoria que declara coñecer.

2. Declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira da convocatoria.

3. Que se compromete, para o caso de resultar contratado/a, a respecta-los dereitos das persoas con estrita observancia da Constitución e da Lei.

4. Que achega coa presente instancia a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- Declaración xurada segundo o Anexo adxunto.
- Relación de méritos e documentación xustificativa dos mesmos para valoracións na fase de concurso.
- Copia da documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega segundo o establecido na base terceira (de selo caso).

.....
.....

Por todo exposto,

SOLICITA:

Que se teña por presentada a presente instancia e sexa admitido/a no proceso selectivo convocado.

Muras, a de de 2021

(Asinado polo/a interesado/a)

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Muras

SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real decreto legislativo 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais

Muras, 22 de xuño de 2021.- Sr. Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, dona Silvia Lamelas Soto, como Secretario dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018, de 16 de marzo)

R. 1898

OUTEIRO DE REI

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

José Pardo Lombao, Alcade do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, por medio do presente anuncio que, na sesión plenaria celebrada o día 30 de abril de 2021, o Pleno da Corporación aprobou inicialmente a ordenanza que se transcribe a continuación.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, mediante a publicación no BOP de 18 de maio de 2021, iniciouse un prazo de información de trinta días, a fin de que calquer interesado poidaera presentar as alegacións e suxerencias.

Ao non presentarse alegacións no indicado prazo, enténdese definitivamente aprobada a seguinte:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO PÚBLICO DE ZOAS VERDES E ÁREAS RECREATIVAS DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

CAPITULO I: CONTIDO E ALCANCE

Artigo 1.- A presente Ordenanza regula o uso dos espazos libres e zonas verdes que ha de rexer dentro do termo municipal.

Artigo 2.- En toda actividade de zonas verdes deberán cumprirse, ademais da presente Ordenanza, as ditas polos demais servizos municipais nas partes que afecten aos mesmos.

CAPITULO II: USO DAS ZOAS VERDES E ÁREAS RECREATIVAS

Artigo 3.- Normas xerais.- Todos os cidadáns teñen dereito ao uso e goce das áreas recreativas e zonas verdes públicas, de acordo co establecido na presente Ordenanza e demais disposicións aplicables.

Artigo 4.- Os lugares a que se refire a presente Ordenanza, pola súa cualificación de bens de dominio e uso público, non poderán ser obxecto de privatización do seu uso en actos organizados que, pola súa finalidade, contido, características ou fundamento, presupoña a utilización de tales recintos con fins particulares, en detrimento de a súa propia natureza e destino.

Artigo 5.- A instancias do interesado, o Concello poderá outorgar autorización para a celebración de actos públicos ou actividades recreativas nas zoas verdes e áreas recreativas.

As autorizacións outorgadas poderán ser revogadas pola Administración por razóns sobrevidas de interese público sen xerar dereito á indemnización aos interesados.

Os solicitantes da autorización serán responsables solidarios dos danos ocasionados no dominio público, e deberán adoptar as medidas necesarias para salvaguardar a seguridade do evento.

O Concello poderá esixir aos responsables o pagamento da indemnización dos danos causados por vía administrativa.

Artigo 6.- Os usuarios das zonas verdes e do mobiliario urbano instalado nas mesmas deberán cumprir as instrucións que sobre a súa utilización figure nos indicadores, anuncios, rótulos e sinais existentes. En calquera caso, deberán atender as indicacións que formulen os servizos municipais.

CAPITULO III: PROTECCION DA CONTORNA

Artigo 7.

1. Con carácter xeral, para a boa conservación e mantemento das diferentes especies vexetais das zonas verdes non se permitirán, salvo autorización municipal, os seguintes actos:

- Toda manipulación realizada sobre árbores e plantas.
- Circular por zonas acoutadas.
- Tallar, apear, podar, arrincar ou partir árbores situadas en espazos públicos ou cortar as súas ramas.
- Lanzar en zonas verdes lixo, residuos, cascotes, pedras, papéis, plásticos, graxas ou produtos cáusticos ou fermentables, ou calquera outro elemento.

e) Acender lume, calquera que sexa o motivo, en lugares que non estean habilitados para ilo.

2. Os animais deberán ir conducidos por persoas e provistos de correa e transitarán polas zonas de paseo evitando causar molestias ás persoas, achegarse aos xogos infantís, penetrar nas praderías de céspede, nos macizos axardinados, nos estanques ou fontes e espantar aos paxaros e outras aves.

Os seus condutores coidarán de que depositen os seus excrementos nos lugares apropiados e sempre afastados dos de localización de xogos infantís, zonas de nenos, etc, e serán responsables da súa posterior recollida.

O propietario do can será responsable do seu comportamento.

Artigo 8.- A protección da tranquilidade e acougo que integran a propia natureza das zonas verdes esixe que:

a) A práctica de xogos e deportes realízase nas zonas especificamente acoutadas cando concorran as seguintes circunstancias: ou

1º Poidan causar molestias ou accidentes ás persoas. ou

2º Poidan causar danos ou deterioro ás plantas. ou

3º Impidan ou dificulten o paso de persoas ou interrompan a circulación. ou

4º Perturben ou molesten de calquera forma a tranquilidade pública

b) As actividades publicitarias realízanse con expresa e previa autorización municipal.

c) As actividades artísticas de pintores, fotógrafos e operadores cinematográficos ou de televisión poderán ser realizadas nos lugares utilizables polo público. Deberán absterse de entorpecer a utilización normal do parque e terán a obrigaón, pola súa banda, de cumprimentar todas as indicacións que lles sexan feitas polos axentes de vixilancia.

d) As actividades industriais restrinxiranse ao máximo, limitándose a venda ambulante de calquera clase de produtos, que soamente poderán efectuarse coa correspondente autorización municipal expresa para cada caso concreto.

e) A instalación de calquera clase de industrias, comercio, restaurantes, venda de bebidas ou refrescos, xeados, etc., requirirá autorización ou concesión administrativa do Concello, obtida coa tramitación que a normativa aplicable dispoña en cada caso concreto. Os concesionarios deberán axustarse estritamente ao alcance da súa autorización, sendo responsables das súas extralimitacións e incumprimento das mesmas.

f) Salvo nos lugares especialmente habilitados para o efecto, non se permitirá nas zonas verdes nin en ningunha vía ou espazo público, acampar, instalar tendas de campaña ou vehículos para ese efecto habilitados, practicar cámping ou establecerse con algunha destas finalidades, calquera que sexa o tipo de permanencia.

Prohíbense especialmente as acampadas nas vías e espazos públicos que carezan da correspondente autorización.

g) Con carácter preventivo e para favorecer a convivencia cidadá e evitar danos aos bens públicos ou alteracións da orde pública, estará prohibido o consumo de bebidas alcohólicas.

Artigo 9.- Nas zonas verdes non se permitirá:

a) Lavar vehículos, roupas ou proceder ao tendido delas e tomar auga das bocas de rega, salvo autorización sinalizada.

b) Realizar calquera clase de grafiti, pintada, mancha ou inscrición sobre as árbores, fontes, muros, pedras, peches, elementos vexetais, ou en xeral sobre calquera elemento das zoas verdes ou áreas recreativas

c) Instalar calquera tipo de modalidade publicitaria.

d) Realizar nos seus recintos calquera clase de traballos de reparación de automóbiles, albañilería, xardinería, electricidade etc., e se se trata de elementos propios do parque ou de instalacións de concesionarios requirirase a preceptiva autorización do Concello.

e) Deixar ceibes animais, ben de compañía, ben de natureza gandeira ou pecuaria.

CAPITULO IV: VEHÍCULOS NAS ZOAS VERDES

Artigo 10.- Como regra xeral nas zonas verdes e áreas recreativas non se permitirá a circulación ou estancia de vehículos de motor, salvo nos supostos expresamente previstos na presente ordenanza.

A entrada, circulación e estacionamento de vehículos nas zonas verdes poderá ser regulada de forma específica en cada unha delas mediante a oportuna sinalización, previa resolución da Alcaldía ou órgano en quen delegue que determinará as vías e espazos susceptibles dos devanditos usos e as súas condicións de utilización.

2. Nos parques e outras zonas verdes con gran afluencia de público, e para servizo do mesmo, poderán acoutarse parcelas para estacionamento de visitantes suxeito a limitación horaria. O acceso ás devanditas parcelas estará debidamente sinalizado e a velocidade limitada a 10 km/h. Constituirá infracción administrativa

aparcar fora dos espazos acoutados, en horario distinto do permitido ou excedendo o tempo máximo autorizado.

3. Autorízase a circulación dos vehículos de servizo, municipais ou contratados, para as subministracións, servizos e obras de reforma, mantemento e conservación que sexan necesarias.

4. Do mesmo xeito poderá autorizarse aos concesionarios de quioscos ou outros servizos propios do espazo público, que deberán estacionar os seus vehículos no lugar que especificamente se lles sinala, sen que por regra xeral poida concederse máis dunha autorización por cada concesión.

5. As bicicletas poderán circular libremente polas zonas verdes e áreas recreativas, salvo prohibición ou limitación expresa, sempre non interfiran o uso peonil, debendo manterse fóra dos xardíns e espazos plantados e circular a velocidade moderada.

CAPÍTULO V: PROTECCION DO MOBILIARIO URBANO

Artigo 11.- O mobiliario urbano existente nas zonas verdes e áreas recreativas, consistente en bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, sinalización, farois e elementos decorativos deberá manterse no máis adecuado e estético estado de conservación.

Os causantes da súa deterioración ou destrución serán responsables non só do resarcimento do dano producido, senón que serán sancionados administrativamente de conformidade coa falta cometida.

Así mesmo serán sancionados os que facendo uso indebido de tales elementos prexudiquen a boa disposición e utilización dos mesmos polos usuarios de tales lugares; para ese efecto, e en relación co mobiliario urbano, establécense as seguintes limitacións:

a) Xogos infantís: A súa utilización realizarase polos nenos con idades comprendidas entre 3 e 12 anos.

b) Papeleiras.- Os desperdicios ou papeis deberán depositarse nas papeleiras a tal fin instaladas. Os usuarios deberán absterse de toda manipulación sobre as papeleiras, moveas, envorcalas e arrincalas, así como de facer inscricións nas mesmas, adherir adhesivos ou outros actos que deterioren a súa presentación.

d) Sinalización, farois, estatuas e elementos decorativos.- En tales elementos de mobiliario urbano non se permitirá subirse, columpiarse ou facer calquera acción ou manipulación sobre estes elementos de mobiliario urbano, así como calquera acto que ensucie, prexudique ou deteriore os mesmos.

CAPÍTULO VI: RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 12.- Infraccións

De conformidade co disposto no artigo 139 LBRL, tipifícanse as seguintes infraccións administrativas:

1. Serán moi graves as infraccións que supoñan:

a) A perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio do dereito de outras persoas ao disfrute das zoas verdes ou áreas recreativas.

Considérase perturbación relevante:

- As emisións sonoras producidas por altoparlantes, megafonía ou artefactos pirotécnicos.

- As combustións e queimas (incluso nos lugares habilitados) que emitan fumes, rúidos ou olores que afecten substancialmente á tranquilidade propia do espazo natural.

b) O impedimento do uso das zoas verdes ou espazos públicos por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización, salvo que se dispoña do correspondente título habilitante.

c) Os actos de deterioro grave e relevante das áreas recreativas ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles ou inmobles.

Considéranse actos de deterioro relevante:

- A sustracción, queima ou inutilización de papeleiras, bancos, farolas, pérgolas, peches ou elementos informativos.

- A queima, poda ou manipulación de elementos vexetais que afecten á viabilidade do exemplar afectado.

- O verquido de residuos (sólidos ou líquidos) que produzan a contaminación do solo de ditos espazos públicos.

- A realización de obras, movementos de terra ou plantacións.

2. Constitúen infraccións graves

- A circulación ou aparcamento non autorizado de vehículos a motor nas zoas verdes ou áreas recreativas.

- Os actos de deterioro dos elementos das áreas recreativas ou zoas verdes que non teñan a consideración de moi graves.

- A realización de actos públicos ou espectáculos recreativos carecendo da preceptiva autorización municipal, e sempre que non produzan danos ou perturbacións no uso e disfrute susceptibles de tipificase coma infraccións moi graves.

3.- Constitúen infraccións leves as restantes infraccións da presente ordenanza que non sexan tipificadas coma infraccións moi graves ou graves.

Artigo 13.- Sancións

A comisión de infraccións descritas na presente ordenanza sancionárase coa imposición das seguintes multas:

- Infraccións moi graves: de 1500 euros a 3.000 euros.

- Infraccións graves: de 750 euros a 1.500 euros.

- Infraccións leves: de 200 euros a 750 euros.

CAPÍTULO VII: RÉXIME FISCAL

Artigo 14.- Imposición da taxa por aparcamento nos espazos habilitados a tal fin nas zoas verdes e áreas recreativas.

En virtude do disposto no artigo 15 TRHL, o Concello de Outeiro de Rei acorda imponer e ordear a taxa por aparcadoiro nos espazos habilitados nas zoas verdes e áreas recreativas municipais.

Artigo 15.- Constitúe o feito impositivo o aparcamento de vehículos de tracción mecánica nos espazos habilitados coma de estacionamento restrinxido nas zoas verdes e áreas recreativas municipais.

Artigo 16.- A cuota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por cada día de aparcamento ou fracción.

Cuota xeral: 10 euros

Cuotas especiais: O aparcamento de vehículos que dispoñan de tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, así coma os veciños do Concello de Outeiro de Rei: 2 euros.

Cuota anual: Os veciños de Outeiro de Rei poderán acadar un abono de vixencia anual aboando unha taxa de 30 euros. Dito abono poderá abranguer a totalidade dos vehículos pertencentes á unidade familiar do solicitante.

Exención: estarán exentos da taxa os propietarios ou residentes que precisen acceder as súas parcelas ou residencia a través das zoas de circulación restrinxida.

Artigo 17.- O pagamento realizarase, previa autoliquidación, en metálico nas oficinas municipais ou ao persoal a tal fin habilitado e presente no aparcadoiro.

O pagamento realizarse sempre con carácter previo ao feito impositivo.

ANEXO

Ordeación da mobilidade no área recreativa de Santa Isabel

O plano que se xunta identifica as zoas de estacionamento restrinxido suxeito ao aboamento da correspondente taxa municipal, así coma a zonificación de circulación e estacionamento de vehículos a motor na área recreativa de Santa Isabel.

Outeiro de Rei, 21 de xuño de 2021. O Alcalde, José Pardo Lombao.



Concello de Outeiro de Rei



R.1899

PARADELA

Anuncio

O Pleno do Concello en sesión extraordinaria realizada o día 18 de maio de 2021 aprobou inicialmente a modificación de créditos núm. 06/2021, de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto núm. 01/2021, por importe de 164.955,71 €.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Paradela, 22 de xuño de 2021.- O ALCALDE – PRESIDENTE, José Manuel Mato Díaz.

R. 1900

Anuncio

O Pleno do Concello en sesión extraordinaria realizada o día 18 de xuño de 2021 aprobou inicialmente expediente de modificación do anexo de inversións do Orzamento Municipal para o ano 2021.

En cumprimento do disposto no artigo 177, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 38 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, en materia orzamentaria, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Paradela, 22 de xuño de 2021.- O ALCALDE – PRESIDENTE, José Manuel Mato Díaz.

R. 1901

O VICEDO

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de 22/06/2021 prestouse aprobación ás bases para a selección, mediante concurso oposición, de dous/dúas técnicos/as de educación infantil, a xornada completa, con adscrición ó servizo municipal de Proximidade para a Atención á Infancia (PAI) do Concello do Vicedo, como persoal laboral temporal.

O prazo para presentación de solicitudes remata transcorridos dez días naturais dende a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia.

Todas aquelas persoas interesadas en participar no proceso selectivo poderán retirar copia das bases no rexistro xeral do Concello do Vicedo ou consúltalas no taboleiro de anuncios, na sede electrónica (www.concellodovicedo.org) ou no blog de emprego: empregovicedo.blogspot.com.

O Vicedo, 22 de xuño de 2021.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1902

VILALBA

Anuncio

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA REALIZAR TRABALLOS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, NO ANO 2021 POR UN PRAZO DE 3 MESES NO CONCELLO DE VILALBA E NOS SEGUINTE POSTOS DE TRABALLO. Expte. 362/2021:

- 2 XEFES DE BRIGA
- 8 PEÓNS DE BRIGADA
- 3 CONDUCTORES DE AUTOBOMBA

1º.- Obxecto da convocatoria:

1.1.- O obxecto desta convocatoria é a selección de doce persoas como persoal laboral temporal (máximo tres meses de duración) para realizar actuacións de prevención, vixianza e defensa contra os incendios forestais no marco do “Convenio de Colaboración subscrito en data 24/06/2019 entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Vilalba para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020” e addenda ó mesmo asinada en data 29/12/2020.

- 2 Xefes de brigada.
- 8 peóns de brigada.
- 3 conductores de autobomba.

Serán funcións a desempeñar polos/as traballadores/as contratados/as as establecidas no “Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Vilalba para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa”, sendo financiada a contratación pola Consellería do Medio Rural e o Fondo FEADER no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellaría competente en materia forestal. Sen ánimo exhaustivo, as funcións a desenvolver son:

- Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais.
- Traballos encamiñados á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse.

O xefe de brigada será o responsable e coordinador do funcionamento da brigada mantendo as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal.

Os membros da brigada deberán ter plena dispoñibilidade (incluíndo domingos, festivos, quendas de noite...segundo as necesidades do servizo).

A execución das actuacións de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais terá unha duración máxima de 3 meses, de conformidade co Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Vilalba.

Retribucións: As retribucións brutas mensuais serán as seguintes:

Capataz forestal (grupo III):

Soldo: 766,94 € brutos en 14 pagas.

Complemento do posto: 793,49 € brutos en 14 pagas.

Peón forestal (grupo V):

Soldo: 595,77 € brutos en 14 pagas.

Complemento do posto: 715,87 € brutos en 14 pagas.

Conductor motobomba (grupo IV):

Soldo: 650,08 € brutos en 14 pagas.

Complemento do posto: 753,55 € brutos en 14 pagas.

En aplicación do convenio colectivo de persoal laboral do concello de Vilalba de 20/11/2018 (BOP nº 298 de 31/12/2018), e as actualizacións correspondentes para o ano 2021.

1.2.- O sistema selectivo elixido será o de **concurso-oposición**

1.3.- Ó presente proceso selectivo seralle de aplicación o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público; o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido de Estatuto dos traballadores; a Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réximen Local; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programa mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia; Texto Refundido da Lei de Igualdade das mulleres de Galicia, Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidade do persoal ó servizo das Administracións Públicas, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e as bases da presente convocatoria.

2º.- Tipo e duración do contrato:

Os contratos serán de traballo temporal de **obra ou servizo determinado**. A duración do contrato será de tres meses. Os traballos comezarán entre o día 1 e o día 31 de xullo, salvo que por causas xustificadas se demore a data de inicio prevista anteriormente, e terán unha duración de 3 meses.

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral, réxime de dedicación a **tempo completo por quendas, de luns a domingo**.

3º.- Requisitos dos aspirantes:

Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta contratación:

1.- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ó emprego público de conformidade co disposto no artigo 52 Lei 2/2015 do emprego público de Galicia..

2.- Ter a capacidade funcional, así como a capacidade física necesaria para o desempeño das tarefas, extremos que deberán acreditarse mediante a presentación de informe médico ou certificado médico no caso de ser seleccionado.

3.- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

4.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

5.- Non estar incurso en causas de incompatibilidades de conformidade co disposto na Lei 53/1984, del 26 de decembre, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

6.- Para os **Xefes de Brigada**: Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico en Traballos Forestais e Conservación do Medio Natural, ou formación profesional equivalente, ou titulacións equivalentes. Estar en posesión do **carnet de conducir clase B**.

7.- Para os **Peóns de Brigada**: ESO, EXB ou equivalente. Estar en posesión do **carnet de conducir clase B**.

8.- Para os **Condutores de Autobomba**: ESO, EXB ou equivalente. Estar en posesión do **carnet de conducir clase C**.

9. Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ó último día de prazo de presentación das solicitudes.

4º.- Presentación de solicitudes e admisión de aspirantes:

Os que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán dirixir a súa solicitude, segundo o modelo previsto no Anexo I das bases de selección, ao Sra. Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vilalba, presentándoa no rexistro xeral do citado Concello ou nunha forma prevista na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas no **prazo de 5 días naturais**, contados dende o seguinte ao da publicación no **Boletín Oficial da Provincia de Lugo**. As bases publicaranse íntegramente no taboleiro de edictos e na **sede electrónica do Concello de Vilalba** (<http://vilalba.sedelectronica.es>)

Na solicitude farase constar que se reúnen os requisitos esixidos para tomar parte no concurso oposición.

Á instancia, conforme ó modelo que figura no ANEXO I, acompañarase inescusablemente da seguinte documentación:

- Copia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou pasaporte.
- Copia compulsada do título académico e/ou carné de conducir B, segundo o posto.
- Copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos alegados para a fase de concurso conforme á base sétima. Os méritos profesionais deberán acreditarse con copia cotexada dos contratos de traballo e co informe da vida laboral ou, no caso de administracións públicas, certificado expedido polo fedatario público da administración e copia cotexada do contrato e/ou nomeamento. Achegaranse, en todo caso, os certificados de empresa ou Administración Pública precisos para acreditar as concretas funcións dos traballos desenvoltos.
- De ser o caso, copia compulsada do CELGA 1 para os peóns e conductores de motobomba, ou CELGA 3 para os capataces, ou equivalente, co que quedarán exentos do exame de galego.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, a alcaldesa, no prazo máximo de 5 días e mediante resolución, aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos que será exposta no taboleiro de edictos do Concello e publicada na páxina web do Concello, relacionándose os aspirantes excluídos con indicación da causa da súa exclusión. Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles para a subsanación, no seu caso, das deficiencias que se sinalen. Estas subsanacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará no taboleiro de edictos e na que se incluírá a composición do tribunal e o lugar, a data e a hora de realización do primeiro exercicio.

Contra a resolución na que se declare a lista definitiva de admitidos e excluídos, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o Órgano que ditou o acto, ou directamente recurso de contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa-Administrativa, contados a partir do seguinte ó da publicación no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

De acordo coa Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, fíxase como medio de comunicación das publicacións que se deriven dos actos integrantes deste procedemento selectivo a exposición no taboleiro de edictos e na **sede electrónica do Concello** (<http://vilalba.sedelectronica.es>).

5º.- Procedemento de selección:

5.1. A selección dos aspirantes realizarase a través do sistema de **concurso-oposición**. Constará, xa que logo, de dúas fases. A fase de concurso valerá un 33,33% (1/3), a de oposición o 66,66% (2/3).

5.2. FASE DE CONCURSO. Máximo 10 Puntos.

5.2.1.- EXPERIENCIA LABORAL (máximo 8 puntos).

- A) 0,1 punto por mes de traballo en brigadas de extinción de incendios para unha Administración Pública
- B) 0,075 puntos por mes de traballo no rexime de traballadores por conta propia, autónomos, nos epígrafes 911 ou 912 de IAE
- C) 0,075 puntos por mes de traballo en postos directamente relacionados coas tarefas do posto para empresas privadas

Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar:

Para experiencia laboral en tarefas do apartado a): certificado expedido pola Administración Pública correspondente no que se certifique o posto de traballo e o tempo de servizos prestados, ou vida laboral e contrato de traballo.

Para experiencia laboral á que se refire o apartado b): Informe de Vida Laboral actualizado e copia da alta no réxime de autónomos.

Para a experiencia laboral en empresas privadas (apartado c): Informe de vida laboral actualizado e copia compulsada dos contratos de traballo onde conste a categoría profesional.

De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente a aquí referida, a cualificación neste apartado será de 0 puntos.

5.2.2.- CURSOS RELACIONADOS CO POSTO DE TRABALLO (máximo 2 puntos).

- Por cursos relacionados directamente co posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes, homologados e acreditados por alguna institución pública de máis de 20 horas de formación, valoraranse de acordo co seguinte baremo:

- Cursos de 20 a 40 horas: 0,25 puntos.
- Cursos de 41 a 75 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de 76 a 100 horas: 0,75 puntos
- Cursos de máis de 100 horas: 1 punto

En caso de empate dos aspirantes seleccionárase o que acade maior puntuación no apartado de experiencia laboral, e de persistir o dito empate por maior puntuación no apartado de formación, e de persistir por sorteo.

5.3. FASE DE OPOSICIÓN. Máximo 20 puntos

5.3.1. A fase de oposición consistirá na realización dunhas probas de capacidade e aptitude eliminatorias e obrigatorias para os aspirantes.

5.3.2. O programa que ha de rexer estas probas selectivas é o que figura publicado como Anexo II.

5.3.3. A data e lugar na que se celebrará a proba anunciarase no Taboleiro de Edictos e na páxina Web do Concello.

5.3.4. Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único (empezando pola letra cuxo primeiro apelido comece pola letra «B», atendendo para estes efectos á ordenación alfabética resultante da listaxe de aspirantes admitidos. No caso de que non exista ningunha aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra «B», a orde de actuación iniciárase por aquelas cuxo primeiro apelido comece pola letra «C», e así sucesivamente segundo Resolución do 21 de xullo de 2020, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado), sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada pola comisión de selección. As candidatas deberán acudir provistas do DNI ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

5.3.5. En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

5.3.6. Fase I de Oposición. Proba práctica que versará sobre as materias comprendidas no anexo II (20 puntos): Será de carácter obligatorio e eliminatorio, e constará de dunha proba práctica cunha puntuación máxima de 20 puntos, debendo os/as aspirantes obter unha puntuación mínima de 10 puntos nesta fase. Consistirá na realización dunha proba práctica sobre calquera dos traballos a realizar. O tempo máximo destinado a esta parte da proba será de 10 minutos por cada aspirante. A proba será proposta polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e versará sobre os contidos das materias comprendidas no temario que se adxunta a esta convocatoria. Esta parte será cualificada de 0 a 20 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 10 puntos para superala. A puntuación calcularase de acordo cos seguintes criterios: Destreza na proba, medidas de seguridade adoptadas para o traballo, e rendemento na execución da mesma.

5.3.7. Finalizada a fase I de oposición o Tribunal Calificador fará pública o resultado das cualificacións dos aspirantes da fase I de oposición. Coa consideración de apto e non apto.

5.3.8. Fase II: Proba de coñecemento do idioma galego:

Unicamente realizarase a aqueles aspirantes que obteñan a calificación de apto na fase I da oposición.

Consistirá nunha tradución dun texto de contido administrativo do castelán ao galego nun tempo máximo de 30 minutos.

Terá carácter obligatorio e eliminatorio, para aqueles aspirantes que non acrediten antes da súa realización estar en posesión do título CELGA 1, ou CELGA 3, segundo o posto ó que opte, ou equivalente.

Este exercicio será calificado de apto ou non apto.

5.4. O aspirante que tendo superado a fase de oposición I, tivera obtido a cualificación total máis alta como resultado da suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e de oposición e a condición de apto na Fase II, será a persoa proposta para o seu nomeamento como persoal temporal.

O Tribunal non poderá declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas

5.5 En caso de empate priorizarase a puntuación obtida nas Fase I da oposición, de persistir este, o empate resolverase por sorteo.

5.6 Os candidatos que superasen a Fase I de oposición e non cosigan a praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo para futuras contratacións temporais dentro do mesmo convenio.

Finalizadas todas as fases do concurso-oposición o Tribunal Calificador fará público o resultado das cualificacións dos aspirantes da fase de concurso-oposición, coa lista de aspirantes ordeados por puntuación, e lista de reservas.

6º.- Tribunal cualificador:

6.1.- O tribunal cualificador designado pola alcaldía (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local, e en base ó establecido pola Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, e estará integrado polos seguintes membros:

- Presidenta/e (titular e suplente): Unha/un funcionaria/o de carreira ou personal laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se pedira titulación igual ou superior á de agora esixida de administracións locais ou da Deputación Provincial de Lugo.

- Vogais (titulares e suplentes): Tres funcionarias/os de carreira ou personal laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se pedira titulación igual ou superior á de agora esixida de administracións locais ou da Deputación Provincial de Lugo.

- Secretaria/o (titular e suplente): Unha/un funcionaria/o de carreira ou personal laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se pedira titulación igual ou superior á de agora esixida de administracións locais ou da Deputación Provincial de Lugo.

6.2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

6.3. Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo e de intervir cando concorran as circunstancias previstas na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo Común das Administracións Pública, notificándoo á autoridade convocante, e calquera aspirante poderá recusarlos, cando concorran algunha das circunstancias previstas na lei.

6.4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

